

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE ABRIL DE 2021

Ás 10:20 horas do día 15 de abril de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 12 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Pilar Carneiro Miniño, vogal xefa do Servizo de Xuventude (asiste aos puntos 5 e 6)
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 7, 9, 10 e 11a e 11b)
D^a. Luz González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste ao punto 11c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 12 de abril de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Cursos de formación para o persoal do servizo	Actividades especiais de animación infantil con espectáculo realizadas por persoal externo en ambos centros sen custe adicional para o Concello
1	A BILLARDA S.L.	129.800,00 €	4 cursos	5 actividades
2	CLECE, S.A.	129.360,00 €	4 cursos	5 actividades
3	SERVIPLUSTOTAL S.L.	126.885,00 €	4 cursos	5 actividades

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D^a. Carmen Villaescusa Rodríguez, con DNI **.36.39*, en representación de CLECE, S.A. e D^a. Xoana Roig Regueira con DNI **.56.18*, en representación de SERVIPLUSTOTAL, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 9 de abril de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 9 de abril de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2021 de non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda do Sobre A (DEUC) sen asinar (artigo 140.1a da LCSP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	95,89
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	94,07
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,68
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,39
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,09
6	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	91,78
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	89,33
8	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	86,91
9	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	86,42

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

particulares (PCAP).

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE NEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños e Obras e Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 26 de maio de 2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28 de setembro de 2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe de CIENTO NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (109.744,86 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de DEZANOVE MIL CORENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (19.046,62 €).

Anualidades:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2020	18,290.81 €	15,116.37 €	3,174.44 €
2021	54,872.43 €	45,349.12 €	9,523.31 €
2022	36,581.62 €	30,232.75 €	6,348.87 €
Total	109,744.86 €	90,698.24 €	19,046.62 €

Ao abeiro do establecido no artigo 101 LCSP o valor estimado do contrato estipúlase en CIENTO CINCUENTA E CATRO MIL CENTO OITENTA E SETE EUROS CON UN CÉNTIMO (154.187,01 €), tendo en conta os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, a posibilidade de prórroga do contrato ata un máximo dunha anualidade e as modificacións á alza previstas, así como os custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

As diferentes anualidades imputarase aos exercicios orzamentarios detallados, en consecuencia o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 9202 2211100.- Repostos elementos de Transporte, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CONTITRADE ESPAÑA, S.A.	87,82
2	NEUMÁTICOS BERBÉS	85,71
3	NEUMÁTICOS SOLEDAD S.L.	55,87
4	EUROMÁSTER AUTOMOCIÓN Y SERVICIOS, S.A.U.	55,79
5	GRUDEMABA S.L.	36,17

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONTITRADE ESPAÑA, S.A. (A-81.579.344), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



administrativas particulares (PCAP).

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONTITRADE ESPAÑA, S.A., o día 26 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 12 de abril de 2021, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONTITRADE ESPAÑA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONTITRADE ESPAÑA, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante ruízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 18 de xaneiro e 22 de marzo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Adxudicar a CONTITRADE ESPAÑA, S.A. (A-81.579.344) o procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 109.744,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.046,62 euros, cunha porcentaxe de desconto do 27% a aplicar aos prezos unitarios de subministro e colocación de cada tipo de pneumático, detallados no Capítulo I e no Capítulo II do Orzamento que figura no Anexo IV do PPT.
- b) Propón un incremento dos valores mínimos da clasificación do etiquetado europeo en seguridade esixidos na cláusula 7.3 do PPT dos pneumáticos a subministrar nas categoría C1 e C3 ofertando:
- Pneumáticos Clase C1 Furgonetas valor B
 - Pneumáticos Clase C1 Todo Terreo valor B
- c) Propón un incremento dos valores mínimos da clasificación do etiquetado europeo en eficiencia enerxética esixidos na cláusula 7.3 do PPT dos pneumáticos a subministrar nas categoría C1 e C3 ofertando:
- Pneumáticos Clase C1 Furgonetas valor C
 - Pneumáticos Clase C1 Todo Terreo valor C
 - Pneumáticos Clase C3 valor C

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato mixto de obra e servizo do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE", redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis de IVE de 2.967.996,94 euros.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 22/01/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS SESENTA E SETE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (2.967.996,94 €), sendo o importe correspondente ao IVE De 515.106,91 euros. Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.65 (2ª Fase integración urbana Vía Verde), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	2.197.043,98 €
TOTAL	2,197,043.98 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 25 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou corrixir un erro material da fórmula do apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares e ampliar en 7 días o prazo de presentación das proposicións.

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da non admisión de CIVIS GLOBAL, S.L.U. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de marzo de 2021, por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares para os supostos de presentación mediante pegada dixital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	94,77
2º	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L	94,17
3º	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	91,27
4º	EXTRACO, S.A.	84,26
5º	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	80,44
6º	NAROM, S.L.	76,39

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. (A-36.614.691) e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA), o día 30 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida os días 12, 13 e 14 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 20 e 21 de marzo e 25 de marzo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Primeiro.- Tomar razón da non admisión de CIVIS GLOBAL, S.L.U. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de marzo de 2021, por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares para os supostos de presentación mediante pegada dixital.*
2. *Adxudicar á UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (A-36.614.691 e A-36.008.886, respectivamente) o procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441) por un prezo total de 2.505.583,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 434.853,25 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a "Reconquista de Vigo" (18.409-101)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 8 de abril de 2021 se notificou a resolución de clasificación con requirimento de documentación á única clasificada neste procedemento, D^a. Matilde María Corral Blanco, que presentou a documentación o 13 de abril, dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a D^a. MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO para que poida emendar a documentación presentada, concretamente, deberá acreditar a solvencia técnica segundo as esixencias da cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares:

- Deberá presentar unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato (32.187,90 euros).

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV (artigo 90.1a da LCSP). Segundo a cláusula 3.2 do PCAP o CPV deste contrato é 92310000-7 Servizos de creación e interpretación de obras artísticas e literarias.

A acreditación dos servizos ou traballos efectuados realizarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

As facturas presentadas pola licitadora non están asinadas e non teñen a conformidade do destinatario polo que non se pode entender acreditada a realización das prestacións.

Os traballos realizados pola Comunidade de Bens á que pertence só se terán en conta ao 50%, porcentaxe recollida na escritura de constitución achegada.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:44	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA748-C4D52C-CE593A-WX3A1D-N2MPM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		